



ASOCIACIÓN GALEGA DE DISLEXIA (NIF. G70 085 741)  
Rúa Torrente Ballester, 3-2º A  
15570 NARÓN – A CORUÑA  
Tlf. 608 570 211 E-mail: [agadix@hotmail.es](mailto:agadix@hotmail.es)  
[www.agadix.es](http://www.agadix.es)

Dende a **Asociación Galega de Dislexia** somos conscientes da escasa información práctica que existe sobre a dislexia en todos os ámbitos, polo que queremos facer chegar aos profesores e profesoras que acollen nas súas aulas estudantes con esta dificultade, esta información, para axudalos a afrontar o problema e que eles poidan axudar aos nosos nenos e nenas no seu difícil camiño pola etapa escolar.

## **¿QUE É A DISLEXIA?**

O término dislexia é controvertido, non contando na actualidade cunha definición universalmente aceptada, aínda que si hai certo consenso, por parte da comunidade científica que se ocupa do tema, en considerar a dislexia como un trastorno específico e persistente da linguaxe escrita, caracterizado principalmente por dificultades na exactitude e automatización lectora e escritora. De aí que moitas veces se utilice a etiqueta conxunta **dislexia-disortografía**. Pódese manifestar en distintos graos, ocasionando unha incapacidade total ou parcial para ler e escribir ao longo da vida.

É unha dificultade conxénita, hereditaria, cunha base neurolóxica e que a miúdo, forma parte dun problema de linguaxe máis profundo. Non pode ser explicada por deficiencias visuais ou auditivas, por trastornos emocionais ou condutuais, por retraso mental, nin por situacións educativas "anormais" (como ausencias prolongadas ou repetidas ás clases, metodoloxía de ensinanza inapropiada, cambios frecuentes de profesores ou centros...).

Ademáis das dificultades sinaladas na linguaxe escrita, poden verse afectados outros aspectos, tales como: dificultades para seguir instrucións, confusión co vocabulario que ten que ver coa orientación espacial e temporal, dificultades asociadas á

discalculia (dificultade para realizar operacións matemáticas) e, en xeral, lentitude no procesamento da información.

Como efectos secundarios, o neno/a pode manifestar outros problemas como a falta de confianza, baixa autoestima, ansiedade, depresión, frustración, trastornos do sono, trastornos da alimentación, enuresis, etc. (1)

(1) Outón, P. (2009). Dislexia. Una visión interdisciplinar. Barcelona: Lebón.

## **CARACTERÍSTICAS E SÍNTOMAS**

Para poder entender o problema da dislexia na Educación Secundaria cremos necesario facer un superficial percorrido pola etapa anterior, tendo sempre en conta que non todos os disléxicos e disléxicas presentan as mesmas características nin na mesma intensidade pero as seguintes poden considerarse representativas:

### **En Educación Primaria**

Cando comeza o proceso de iniciación á lectura manifestan nesta un atraso considerable con respecto ao resto da clase, alteran, omiten ou substitúen as palabras ou letras, inverten as sílabas, etc.

Ao iniciar o proceso de escritura aparece normalmente a escritura en espello, unións de palabras, separacións, omisións de letras, repetición de sílabas etc. Ademais teñen dificultades para seguir instrucións e para reter series, confusión co vocabulario (etiquetaxe verbal) e coa memoria a curto prazo.

### **En Educación Secundaria**

Dá a impresión de que a dislexia é unha dificultade que afecta unicamente á educación primaria e que se supera ao chegar á secundaria, cando seguramente é nesta etapa donde resulta máis dura de afrontar. O feito de superar algúns dos síntomas das etapas anteriores, que son os máis coñecidos, leva aos profesores e profesoras a dubidar que o alumno/a sexa disléxico, que máis ben é vago, que traballa pouco, que é lento, é incapaz de aprender un texto ao pé da letra e falla nas definicións.

Ás veces rebélanse ou fanse os graciosos e outras íllanse e teñen dificultades para facer amigos. Buscan a autoestima en aspectos alleos aos estudos: se son creativos reaccionan con boas saídas aos ataques verbais, o que lles crea problemas cos compañeiros e os profesores, ao tempo que confirma a apreciación de que son espabilados e se non aproban é porque non estudan nin traballan. Tamén son despistados e desorganizados. Non recordan que teñen exame ou que entregar un exercicio, e cando o fan esquéceno na casa.

Chegada esta etapa encontrámonos con que hai moitos disléxicos non diagnosticados. Pode haber en cada aula 2 ou 3 alumnos "vagos" e "despistados" que facilmente poderían ser disléxicos non diagnosticados e aos que ninguén presta atención porque, ademáis, poden ser respondóns e rebeldes.

Así podemos resaltar nesta etapa os seguintes rasgos, ademáis do xa sinalado:

- Escritura descuidada, desordeada, en ocasións incomprendible.
- Inconsistencias gramaticais, ás veces permanencia das omisións, alteracións e adicións da etapa anterior.
- Poden persistir as dificultades para seguir series, o que ten consecuencias á hora de planificar e redactar relatos e composicións escritas.
- Poden seguir producindo inversións ao transcribir os números (por exemplo 15 no lugar de 51).
- Confusión na orde na que deben realizar as operacións de matemáticas derivadas da súa dificultade para seguir unha orde.
- Gran dificultade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras.
- Baixa comprensión lectora.
- Baixa autoestima.
- Aversión á lectura e á escritura.
- Dificultades para prestar atención, a miúdo acúsaseos de estar ausentes, de soñar espertos, de non concentrarse.

Desde **AGADIX** recomendamos ao profesor/ora unha serie de inclusións que poden aplicar na aula de acordo coa idade do estudante e o seu nivel de dificultade e tendo sempre en conta

que os alumnos e alumnas con este tipo de dificultades aprenden de forma multisensorial:

**Facer saber ao alumno/a que o profesor/a coñece o seu problema para que poida sentir maior seguridade e confianza.**

**Ler o informe psicopedagógico, que debe acompañar ao estudante na súa andadura escolar.**

- Darlle a coñecer a dificultade aos seus compañeros e compañeiras da aula para que comprendan que as súas adaptacións non son un privilexio senón unha necesidade.

**Utilizar sempre o reforzo positivo.**

- Comprobar sempre que entendeu o material escrito co que debe traballar.

**Fomentar o uso de sistemas audiovisuais de aprendizaxe na aula.**

**Permitir e potenciar na aula o emprego de calculadoras, de ordenadores e procesadores de texto con paquetes informáticos que inclúan correctores ortográficos, programas lectores, programas de técnicas de estudo, programas de transcripción.**

**Establecer uns criterios específicos mínimos para a aprendizaxe da asignatura de lingua estranxeira (inglés).**

- Facilitarlle á familia e mostrarlle ao estudante os obxectivos mínimos de cada tema para superar as distintas avaliacións.
- Presentarlle os enunciados dos exames en castelán/galego ou que o profesorado llo traduza para que sexa capaz de entender exactamente que é o que debe facer.
- Adaptar os exames ás súas posibilidades con exercicios e frases sinxelas centrando a avaliación de cada tema na parte de comprensión e expresión oral.

**Posibilidade da exención da aprendizaxe ou avaliación da segunda lingua estranxeira (francés ou alemán)** Se xa de por si a aprendizaxe do idioma inglés resulta tremendamente difícil para os estudantes con dislexia pola gran cantidade de combinacións de fonemas que presenta este idioma a aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira, como o francés supón un reto imposible de cumprir.

### **Exames orais ou alternancia de exames escritos e orais.**

- Dar a coñecer as datas dos exames con antelación, que poderán realizarse en distintos días.
- Proceder á lectura dos enunciados antes de comezar o exame.
- As probas poderán ser orais en todas as materias.
- O estudante terá dereito a maior tempo para o desenvolvemento do exame, aínda que sexan en días distintos.
- As faltas de ortografía non serán puntuables, xa que para un estudante disléxico/a resulta imposible non cometelas, e valorarase o exame en función dos contidos.
- Permitir o uso de ordenadores e de calculadoras para a realización dun exame.
- Dispoñer dun exemplo que lle facilite a comprensión do que ten que facer exactamente, xa que presenta dificultades considerables a nivel de comprensión lectora, o que tamén se refire á comprensión dos enunciados.

### **Non ter en conta as faltas de ortografía e gramática en ningunha área.**

- Deben considerarse as dificultades REAIS que presenta o estudante disléxico/a en ortografía, xa que esta área xunto coa lectura sempre vai representar unha "inhabilidade". Por isto, débese evitar que as faltas de ortografía en ditados e exames lle baixen a nota dos mesmos, ou que sexan motivo de suspenso.

### **Axuda nas tarefas escolares:**

- Non facerlles copiar os enunciados, senón ir directamente ao desenvolvemento do exercicio ou tarefa.

- Non facerlles copiar repetitivamente os erros cometidos nas distintas asignaturas (p.e. táboas de multiplicar, ditados, ortografía, etc.).
- Dotalos de tempo extra para a realización de tarefas.
- Permitir a expresión en esquemas ou notas que poidan desenvolver de forma oral (mapas mentais, esquemas conceptuais).
- Ter en conta as súas dificultades á hora da elección dos libros de lectura obrigatoria.
- Reducir as tarefas escolares (menos exercicios en cada asignatura).

### **Aplicaranse métodos e técnicas de lectura adaptadas ás necesidades dos nenos e nenas.**

- Non se lles esixirá ler en público contra a súa vontade.
  - Se resulta necesaria a lectura en voz alta, faráselle entrega da lectura con suficiente antelación para que, sen presións, a poida traballar na casa.

Evitaranse as repeticións innecesarias de curso. Será necesario considerar de forma individual a necesidade real de repetir curso, xa que a maioría dos estudantes disléxicos non presentan problemas de comprensión de contidos. A repetición de curso resulta sumamente desaconsellable, posto que non solucionará o problema das dificultades.

Da aplicación que se faga das mesmas, dependerá que este alumnado poida continuar a súa andadura cos seus estudos e evitarse a aparición de trastornos asociados á dislexia como:

- problemas de frustración
- baixa autoestima
- fobia escolar
- ansiedade
- trastornos de conduta
- desadaptación e
- depresión

Finalmente, recordar que o reforzo positivo, valorar os seus logros, fará que a súa autoconfianza non se vexa deteriorada. Non hai que esquecer que son nenos e nenas intelixentes, plenamente conscientes das súas dificultades.

### **Bibliografía:**

PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN CON DISLÉXICOS. Diseño, implementación e avaliación.

Paula Outón Oviedo.

Editorial CEPE,S.L.

DISLEXIA E DIFICULTADES DE LECTURA.Unha guía para mestres.

Jagannath P. Das, M<sup>a</sup> Angeles Garrido, Manuel Gonzalez, Carme Timoneda e Federico Pérez-Álvarez.

Editorial Paidós Educador

MENTES DIFERENTES, APRENDIZAxES DIFERENTES.

Un modelo educativo para desenvolver o potencial individual de cada neno.

Mel Leavine.

Editorial Paidós Transiciones